

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME SOBRE CONTAS RENDIDAS EN
2010 CORRESPONDENTES AO EXERCICIO
2009**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	5
II. A RENDIÇÃO DO PARLAMENTO DE GALICIA	5
III. A RENDIÇÃO DE CONTAS DA ADMINISTRAÇÃO XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES	6
III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS	7
III.2. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS.....	8
III.3. ENTES DE DEREITO PÚBLICO.....	8
III.4. SOCIEDADES PÚBLICAS MERCANTÍS.....	10
III.5. FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS.....	11
III.6. CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	14
IV. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OS SEUS ENTES DEPENDENTES	16
V. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS RESTANTES ENTIDADES	17
V.1. CÁMARAS DE COMERCIO	17
V.2. CONFRARÍAS DE PESCADORES	18
V.3. OUTRAS ENTIDADES.....	20
VI. ANEXO DAS CONTAS RENDIDAS	20

I. INTRODUCCIÓN

O Estatuto de Autonomía de Galicia outorga ao Consello de Contas de Galicia as competencias para a fiscalización das contas do sector público da comunidade autónoma. Esta competencia implica a obriga das diferentes entidades que compoñen o referido sector público a render as súas contas a esta institución.

Este informe ten por obxecto a análise da rendición das contas anuais do exercicio 2009 ao Consello de Contas por parte das seguintes entidades sometidas a esta obriga:

1. O Parlamento de Galicia.
2. A Administración xeral e os seus entes dependentes:
 - a) Organismos autónomos administrativos
 - b) Organismos autónomos comerciais
 - c) Axencias públicas autonómicas
 - d) Entes de dereito público
 - e) Sociedades mercantís autonómicas
 - f) Fundacións públicas
 - g) Consorcios autonómicos
3. As Universidades Públicas
4. As Cámaras de Comercio, Confrarías de Pescadores e outras de natureza equivalente.

Tamén están sometidos á obriga de rendición anual de contas os entes que integran o sector público local, se ben quedan fóra do ámbito deste informe xa que a análise do cumprimento do deber de render contas inclúese no informe anual sobre o sector público local.

II. A RENDICIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Parlamento de Galicia achegou as súas contas ao Consello dentro do prazo legalmente establecido.

III. A RENDIÇÃO DE CONTAS DA ADMINISTRAÇÃO XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES

Segundo a Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia a administración autonómica formará anualmente a Conta xeral da Comunidade que abranguerá a totalidade das operacións económicas levadas a cabo durante o exercicio pola administración e os seus entes dependentes. Porén, non todas as entidades controladas pola administración autonómica integran os seus estados contables na Conta xeral. Deste xeito, a rendición das contas ao Consello fíxose a través de dous medios:

- A Conta xeral rendida por conduto Intervención Xeral antes do 30 de outubro.
- As contas individuais das restantes entidades que son remitidas directamente por estas ao Consello de Contas, sendo o prazo límite de rendición o 30 de xullo.

A Intervención xeral rendeu o 29 de outubro de 2010, en prazo, a Conta xeral do exercicio 2009, que ademais da información relativa á Administración xeral da comunidade autónoma inclúe as contas dos seguintes entes dependentes:

- a. Organismos autónomos administrativos
- b. Organismos autónomos comerciais
- c. Axencias públicas autonómicas
- d. Entes de dereito público
- e. Sociedades mercantís autonómicas
- f. Fundacións públicas sanitarias
- g. Fundación Pública Cidade da Cultura

Renden individualmente e directamente as súas contas a este Consello, as Fundacións públicas autonómicas, os Consorcios e a sociedade Estación de Inverno Manzaneda, S.A.

A continuación analízase a rendición de contas das entidades dependentes, agrupadas en función da súa forma xurídica. Porén, cómpre ter en conta que a clasificación empregada era a vixente no exercicio 2009. A Lei 16/2010 establece unha nova configuración do sector público autonómico. A nivel nominativo os cambios máis salientables consisten no establecemento dunha soa categoría de organismos autónomos, na desaparición dos entes de dereito público e na creación das entidades públicas empresariais.

III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS

Son os entes dependentes da Administración xeral. Poden ser de dous tipos: a) de carácter comercial, industrial financeiro e análogo, que serán os que realicen de forma principal actividades desa natureza ou calquera outra de carácter mercantil; b) de carácter administrativo, que serán todos aqueles nos que non concorra ningunha das circunstancias que os permita clasificar na categoría anterior. As súas contas axústanse ás disposicións do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. No seguinte cadro amósanse a relación de organismos autónomos en función das dúas tipoloxías:

ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS
Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)
Augas de Galicia
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)
Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
Instituto Galego de Consumo (IGC)
Instituto Galego de Estatística (IGE)
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
Servizo Galego de Igualdade (SGI)
Servizo Galego de Saúde (SERGAS)
Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC)
Instituto de Estudos do Territorio
ORGANISMOS AUTÓNOMOS COMERCIAIS, INDUSTRIAIS, FINANCEIROS OU ANÁLOGOS
Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)
Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)

O Servizo Galego de Saúde e a Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia (AGASP), non achegan os estados financeiros previstos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (PXCPG), limitándose a formular a liquidación dos seus orzamentos.

O Instituto Galego de Consumo (IGE) e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) non achegan a memoria prevista no PXCPG. Nos organismos autónomos que elaboraron a memoria, o documento non se axusta á estrutura prevista no PXCPG e non inclúe tódolos estados previstos nese documento contable ou ben a información que contén é insuficiente.

Agás a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Servizo Galego de Igualdade (SGI), ningún organismo elabora o cadro de financiamento.

No ano 2007 creouse o organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio que non remitiu as súas contas, sen que conste o inicio efectivo da súa actividade.

III.2. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Mediante a Lei 16/2007, do 26 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2008, créanse as Axencias públicas autonómicas como novos modelos organizativos para o desenvolvemento de competencias da Administración da Comunidade Autónoma. As Axencias son entidades instrumentais de dereito público, personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión que son creadas polo Consello da Xunta para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da comunidade autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias. No exercicio 2009 só estaba operativa a **Axencia Galega das Industrias Culturais** (AGADIC), que rende as súas contas integradas na Conta xeral. A Axencia presentou tódolos estados contables esixidos polo PXCPG. Cómpre subliñar que coa Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prodúcese un forte pulo no desenvolvemento das axencias, coa transformación de diversos entes en Axencias e a creación de novos organismos baixo esta tipoloxía xurídica.

III.3. ENTES DE DEREITO PÚBLICO

Este apartado abrangue aqueles entes de dereito público con personalidade xurídica propia que son creados por Lei e que realizan actividades tanto administrativas como prestacionais.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prevé a desaparición dos entes e a súa conversión ben en axencias públicas autonómicas, ben en entidades públicas empresariais.

Nos seguintes cadros amósanse a relación de entes de dereito público en función da contabilidade (plan de contabilidade pública ou plan de contabilidade privado) ao que suxeitan a formación das súas contas:

ENTES DE DEREITO PÚBLICO QUE FORMAN AS SÚAS CONTAS SOMETÉNDOSE AO PLAN XERAL DE CONTABILIDAD PÚBLICA DE GALICIA
Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA)
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)
Consello Económico e Social de Galicia (CES)
Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL)
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)
Portos de Galicia
Consello Galego de relacións Laborais

ENTES DE DEREITO PÚBLICO QUE FORMAN AS SÚAS CONTAS SOMETÉNDOSE AO PLAN XERAL DE CONTABILIDADE DAS EMPRESAS
Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG)
Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH)

Respecto ás entidades que renden as contas segundo o plan de contabilidade pública de Galicia, todos renden os estados esixidos polo mesmo, agás o Centro Económico e Social (CES) que só presenta información trimestral (cuarto trimestre acumulado de 2009) sen achegar as contas anuais, e a Axencia Galega de Emerxencias que non presenta o estado de liquidación do orzamento.

As memorias presentadas non se axustan á estrutura prevista polo plan e non inclúen tódolos estados previstos nese documento contable ou ben a información é insuficiente.

O IGAPE, CIXTEC, Portos de Galicia e INTECMAR xuntan ás súas contas informe de auditoría financeira, os dous primeiros con opinión favorable e os dous últimos con opinión favorable con salvidades.

Respecto aos dous entes que suxeitan a súa contabilidade á normativa privada, cómpre sinalar que presenta toda a documentación esixida polo plan para empresas privadas. Ademais, achegaron o informe de auditoría, a CRTVG con opinión favorable, e a EPOSH con opinión favorable con salvidades.

Por último, non figuran as contas do ente público Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional sen que conste que esta entidade estea operativa a pesar da súa creación no ano 2002.

III.4. SOCIEDADES PÚBLICAS MERCANTÍS

Son as sociedades mercantís, en cuxo capital exista participación maioritaria, directa ou indirecta da comunidade autónoma, así como aquelas sociedades, nas que tendo a administración autonómica unha participación inferior ao 50% do capital, se exerza o control por parte da administración autonómica. Enténdese que existe o control referido cando a administración autonómica ostenta unha posición de dominio nos órganos de goberno da sociedade, ou ben cando os ingresos da mesma proveñan en máis do 50% dos orzamentos da comunidade autónoma, ou ben as sociedades teñen que presentar a súa contabilidade consolidada coa súa matriz por aplicación das normas de contabilidade.

No seguinte cadro amósanse a relación de sociedades públicas, que renden as súas contas integradas na conta xeral, en función do grao de participación da comunidade autónoma nas mesmas:

SOCIEDADES PÚBLICAS CON PARTICIPACIÓN DIRECTA OU INDIRECTA DA C.A. NO 100% DO SEU CAPITAL
Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A S.A. (ACEOUSA)
S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia (BANTEGAL)
Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. (GALARIA)
Galicia Calidade, S.A.
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. (RETEGAL)
Radiotelevisión de Galicia, S.A. (RTG)
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA)
Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, S.A. (SODECOGA)
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI)
Televisión de Galicia S.A. (TVG)
S.A de Xestión do Plan Xacobeo (XACOBEO)
SOCIEDADES PÚBLICAS CON PARTICIPACIÓN DIRECTA OU INDIRECTA DA C.A SUPERIOR AO 50% DO SEU CAPITAL
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. (CEEI)
S.A. de Xestión Centro Supercomputación de Galicia (CESGA)
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital-Risco, S.A. (SODIGA)
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA)
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (TURGALICIA)
Xenética Fontao, S.A.
Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital de Risco, S.A. (XESGALICIA)
Xestión Urbanística de A Coruña (XESTUR CORUÑA)
Xestión Urbanística de Lugo (XESTUR LUGO)
Xestión Urbanística de Ourense (XESTUR OURENSE)
Xestión Urbanística de Pontevedra (XESTUR PONTEVEDRA)
SOCIEDADES PÚBLICAS CON PARTICIPACIÓN DIRECTA OU INDIRECTA DA C.A INFERIOR AO 50% DO SEU CAPITAL
Parque tecnolóxico de Galicia (TECNOPOLE)

As sociedades públicas autonómicas forman as súas contas con suxeición ao Plan xeral de contabilidade aplicable aprobado polo RD 1514/2007. Porén SODIGA, CEEI, S.A., CESGA, Galicia Calidade, S.A., Xenética Fontao, S.A. e TECNOPOLE, suxéitanse na formación das súas contas ao Plan xeral de contabilidade para PYMES aprobado polo RD 1515/2007.

Todas as sociedades, agás Xenética Fontao, someten as súas contas anuais a auditoría financeira con opinión favorable na súa maioría. Só seis das sociedades presentan informes de auditoría nos que se expresan opinión favorable con salvidades.

A diferenza do resto de sociedades mercantís autonómicas, a Estación de Inverno Manzaneda, S.A.(MEISA), participada nun 48% pola Xunta de Galicia, non rende as súas contas anuais integradas na Conta xeral. MEISA remitiu as contas de 2009 fóra de prazo (25/11/2011), tralo requirimento do Consello de Contas. MEISA achega tódolos estados esixidos polo Plan xeral de contabilidade. Así mesmo, somete as súas contas anuais a auditoría financeira con opinión favorable con salvidades.

III.5. FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

De acordo co establecido no artigo 58 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, enténdese por fundacións do sector público autonómico, aquelas constituídas maioritariamente ou na súa totalidade por achegas da comunidade autónoma de Galicia, os seus organismos autónomos e demais entidades ou empresas do sector público autonómico, ou aquelas cuxos ingresos proveñan maioritariamente de subvencións con cargo aos orzamentos da comunidade autónoma, sempre que neste último caso a comunidade autónoma forme parte dos seus órganos de goberno ou dirección.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, amplía o perímetro das fundacións públicas autonómicas a aquelas nas que máis do 50% do patrimonio fundacional con carácter de permanencia estea constituído por bens e dereitos cedidos pola administración xeral ou os seus entes dependentes.

Entre as Fundacións públicas galegas só a Fundación da Cidade da Cultura e as fundacións públicas sanitarias renden as súas contas integradas na Conta xeral da comunidade autónoma.

A Fundación Cidade da Cultura forma as súas contas anuais de acordo cos principios contables e normas de valoración recollidos na adaptación sectorial do plan xeral contable ás fundacións. A

Informe sobre contas rendidas en 2010 correspondentes ao exercicio 2009

Fundación achegou todos os estados contables esixidos pola súa normativa. Así mesmo, xuntou informe de auditoría con opinión favorable Porén, non elaborou un informe da xestión do exercicio 2009.

Renden tamén as súas contas dentro da conta xeral, asimiladas a entes públicos, as fundacións públicas sanitarias. No seguinte cadro relaciónanse as devanditas entidades:

FUNDACIÓNS ASIMILADAS A ENTES PÚBLICOS
F.P. Instituto Galego de Oftamoxía (INGO)
F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS)
F. P. Urxencias Sanitarias de Galicia-061
F. P. Centro de Transfusión de Galicia (CTG)
F. P. Galega de Medicina Xenómica (FPGMX)

Este tipo de fundacións prepararon as súas contas aplicando a adaptación do plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos. Tódalas fundacións, achegan os estados requiridos pola normativa. Así mesmo, todas as fundacións sanitarias, agás o INGO, someten as súas contas anuais a auditoría financeira. Tódolos informes de auditoría expresan unha opinión favorable.

O resto de fundacións públicas autonómicas non renden as contas integradas na conta xeral da comunidade autónoma. O cumprimento da obriga de rendición en prazo reflíctese no cadro seguinte:

FUNDACIÓNS QUE RENDERON AS CONTAS	EN PRAZO	FÓRA DE PRAZO
F.D.C. Ancares, Os		X
F.D.C. Arzúa		X
F.D.C. Baixo Miño	X	
F.D.C. Bergantiños	X	
F.D.C. Betanzos		X
F.D.C. Caldas	X	
F.D.C. Carballiño, O	X	
F.D.C. Chantada	X	
F.D.C. Deza	X	
F.D.C. Eume, O	X	
F.D.C. Fonsagrada, A	X	
F.D.C. Mariña Central	X	

FUNDACIÓNS QUE RENDERON AS CONTAS	EN PRAZO	FÓRA DE PRAZO
F.D.C. Mariña Occidental	X	
F.D.C. Mariña Oriental		X
F.D.C. Morrazo, O	X	
F.D.C. Muros	X	
F.D.C. Noia	X	
F.D.C. Ordes		X
F.D.C. Ortegal	X	
F.D.C. Paradanta, A	X	
F.D.C. Ribeiro, O	X	
F.D.C. Salnés, O		X
F.D.C. Santiago	X	
F.D.C. Tabeirós-Terra de Montes	X	
F.D.C. Terra Chá	X	
F.D.C. Terra de Caldelas	X	
F.D.C. Terra de Celanova	X	
F.D.C. Terra de Lemos	X	
F.D.C. Terra de Melide		X
F.D.C. Terra de Trives	X	
F.D.C. Ulloa, A	X	
F.D.C. Valdeorras	X	
F.D.C. Verín	X	
Axencia Humanitaria de Galicia	X	
Centro Galego de Artesanía e Deseño	X	
Centro Tecnolóxico da Carne (CTC)	X	
Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)	X	
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	X	
Deporte Galego	X	
Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia	X	
F. Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (FUNGA)	X	
F. de Exposicións e Congresos de A Estrada	X	
F. de Feiras e Exposicións de Lugo	X	
F. de Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE)	X	
F. Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (FEXDEGA)	X	
F. Galicia Emigración	X	
F. Galicia Europa		X
F. Instituto Feiral de Vigo (IFEVI)		X
F. Semana Verde de Galicia		X
F. Rof codina	X	
F. Centro Superior Cinexético e Piscícola de Galicia		X

A maior parte das fundacións renderon as súas contas en prazo. Polo que respecta á documentación achegada, a práctica totalidade das fundacións achegan os estados esixidos pola normativa contable aplicable ás fundacións. Dez fundacións someteron as súas contas a auditoría financeira, das cales sete obtiveron unha opinión favorable en canto a representatividade das súas contas anuais e tres unha opinión favorable con salvidades.

No seguinte cadro relaciónanse as fundacións públicas autonómicas¹ que non renderon as contas:

FUNDACIÓNS QUE NON RENDERON AS CONTAS
F. Illa de San Simón
F. Galicia América
F. Galicia Saúde
F. Instituto Feiral de A Coruña (IFECO)
Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (IGACI)
F. Milenio
F. Galega para a Prevención de Riscos Laborais
F. Galega de Formación para o Traballo
Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia
Centro de Estudos Eurorexionais Galicia-Norte de Portugal
Centro Tecnolóxico e Agroalimentario de Lugo

Por outra banda, tampouco consta a rendición das contas das fundacións de investigación dos centros hospitalarios que segundo os informes elaborados por este Consello deben ter a consideración de fundacións públicas autonómicas.

III.6. CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Ata a Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFASGA) non existía unha regulación específica do sector público autonómico galego, polo que con motivo da inclusión no catálogo de entidades integrantes do sector público autonómico, consideráronse consorcios do sector público autonómico aqueles creados directamente pola comunidade autónoma, ou ben financiados en

¹ Segundo o catálogo de entidades do sector público autonómico publicado pola Consellería de Facenda e o inventario de entidades dependentes elaborado pola Intervención xeral.

máis dun 50% con cargo aos seus orzamentos, ou ben aqueles nos que a comunidade autónoma exerza unha posición de dominio nos seus órganos de goberno. A LOFASGA mantén esencialmente o criterio sinalado para a inclusión dos consorcios no catálogo de entidades do sector público autonómico. Porén esta Lei outórgalle unha importancia decisiva ao criterio do control, xa que esixe en todo caso, que a actuación dos órganos de dirección e goberno se suxeite ao poder de decisión da administración xeral da comunidade autónoma ou calquera outra entidade instrumental das reguladas na Lei 16/2010.

Nos seguintes cadros relaciónanse os consorcios autonómicos segundo os criterios de inclusión dos mesmos no catálogo de entidades do sector público autonómico, así coma os datos relativos á súa rendición das súas contas, que en todo caso non se integran na conta xeral da comunidade autónoma. No primeiro cadro relaciónanse os consorcios que renderon as contas. No segundo os que non o fixeron:

CONSORCIOS QUE RENDERON AS CONTAS	EN PRAZO	FÓRA DE PRAZO
Audiovisual de Galicia		X
Bibliotecas Universitarias de Galicia	X	
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia		X
Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia		X
Consortio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar		X

CONSORCIOS QUE NON RENDERON AS CONTAS
Instituto de Estudos Turísticos
Centro oncolóxico

Só un consorcio rendeu as súas contas en prazo. Os consorcios que renderon contas achegan tódolos estados previstos no PXCPG, agás o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, que só rende o Estado de liquidación do orzamento. Só a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia somete as súas contas anuais a auditoría financeira con opinión favorable sobre as mesmas.

IV. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OS SEUS ENTES DEPENDENTES

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 81.5 a obriga de rendición das contas das universidades ante o órgano fiscalizador das contas da comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Cuentas. Para dar cumprimento a esta obriga as Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo presentaron en prazo as súas contas.

As Universidades galegas forman as súas contas anuais en base aos principios contables e normas de valoración e clasificación establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. Porén a Universidade da Coruña só achega o estado da liquidación do orzamento, sen render os restantes estados que conforman as contas anuais (Balance, Conta do resultado económico patrimonial e Memoria). Pola súa parte as Memorias formuladas polas Universidades de Santiago e Vigo, non recollen tódolos aspectos esixidos polo PCXPG ou non inclúen toda a información necesaria que permita dar cumprimento ao cometido da memoria como estado que amplía, completa e comenta información contida nos demais estados que forman as contas anuais.

Ademais das Universidades e de acordo co artigo 84 da Lei 6/2001, os entes dependentes das mesmas quedan sometidos á mesma obriga de rendición das súas contas. A estes efectos serán entes dependentes das universidades aqueles nos que teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente. Os seguintes entes dependentes das Universidades recollidos no inventario de entes dependentes das Comunidades Autónomas non renderon contas ao Consello de contas:

FUNDACIÓNS
Fundación Universidade de A Coruña
Fundación USC Deportiva
CONSORCIOS
Consortio Parque Científico-Tecnolóxico Universitario de Galicia
SOCIEDADES
Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.
Cursos Internacionais Universitarios Santiago de Compostela, S.A.
Sociedade Xestora de Intereses Universitarios de Santiago de Compostela, S.L.
Sociedade de Promoción de Iniciativas Innovadoras, S.L.

V. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS RESTANTES ENTIDADES

V.1. CÁMARAS DE COMERCIO

No seguinte cadro amósase o cumprimento da obriga de rendición de contas das cámaras de comercio

CÁMARAS DE COMERCIO	EN PRAZO
A Coruña	X
Ferrol	X
Lugo	X
Ourense	X
Pontevedra	X
Santiago	X
Tui	X
Vigo	X
Vilagarcía de Arousa	X
Consello Galego de Cámaras	X

Como se pode observar tódalas cámaras de comercio renden as súas contas en prazo. As contas anuais da maioría das cámaras de comercio preséntanse de acordo co disposto no RD 1515/2007 do 16 de novembro polo que se aproba o Plan xeral contabilidade de PYMES. Porén en virtude do disposto na disposición transitoria sexta do devandito Real Decreto, seguen a aplicar, en todo o que non se opoña ao RD 1515/2007, a Orde Ministerial do 30 de xaneiro de 1981 sobre o réxime de contabilidade das Cámaras de comercio. Dos estados obrigatorios (os que esixe a súa normativa específica), as cámaras de comercio de Pontevedra, Tui e Vigo non achegan a memoria.

Tódalas cámaras someten as súas contas anuais a informe de auditoría financeira. Tódolos informes emiten opinión favorable.

V.2 CONFRARÍAS DE PESCADORES

No seguinte cadro amósase o cumprimento da obriga de rendición de contas das confrarías de pescadores a das federacións provinciais das confrarías:

CONFRARÍAS DE PESCADORES QUE RENDEN AS SÚAS CONTAS	EN PRAZO	FÓRA DE PRAZO
A CORUÑA		
Aguiño-Carreira	X	
Ares	X	
Barallobre-Fene		X
Barqueiro O-Bares	X	
Cabo de Cruz		X
Caión	X	
Camelle	X	
Cariño		X
Cedeira	X	
Corcubión	X	
Corme	X	
Coruña A		X
Espasante	X	
Ferrol	X	
Fisterra	X	
Laxe		X
Lira-Carnota		X
Lorbé		X
Malpica	X	
Mera	X	
Miño		X
Muros	X	
Muxía	X	
Noia	X	
Palmeira		X
Pindo O-Carnota	X	
Pobra do Caramiñal		X
Pontedeume	X	
San Telmo de Porto do son	X	
Portosín	X	
Rianxo	X	
Ribeira		X
Sada		X
Federación Galega de Confrarías	X	
Federación Provincial A Coruña	X	

CONFRARIAS DE PESCADORES QUE RENDEN AS SUAS CONTAS	EN PRAZO	FÓRA DE PRAZO
LUGO		
Burela	X	
Celeiro		X
Foz		X
Ribadeo	X	
San Cibrao	X	
Vicedo O	X	
Federación Provincial Lugo		X
PONTEVEDRA		
Aldán-Hio	X	
Baiona	X	
Bueu		X
Cambados	X	
Campelo Lonxa A.I.E. (Poio)		X
Cangas do Morrazo	X	
Carril	X	
Grove O		X
Garda A		X
Illa de Arousa		X
Lourizán	X	
Marín		X
Moaña	X	
Pontevedra	X	
Portonovo	X	
Raxó-Poio	X	
Redondela		X
Sanxenxo		X
Vigo		X
Vilanova	X	
Vilaxoan	X	
Federación Provincial Pontevedra	X	

A práctica totalidade das confrarías presenta as contas de acordo co formato das contas anuais do Plan xeral de contabilidade das PYMES aprobado polo RD 1515/2007 do 16 de novembro. Porén en virtude da disposición transitoria sexta do devandito Real Decreto as confrarías seguen a aplicar, en todo o que non se opoña ao Plan xeral, o Plan xeral de contabilidade de Confrarías de pescadores de Galicia.

Tódalas confrarías achegan o Balance, a Conta de resultados do exercicio e a memoria, que son

esixidos pola súa lexislación específica. En canto á adaptación ao Plan de PYMES é completa, xa que agás catro confrarías, o resto elaboran o estado de cambios do patrimonio neto. A meirande parte tamén inclúe un informe de xestión entre a documentación rendida. Só a Confraría de Celeiro xunta informe de auditoría ás súas contas anuais.

As confrarías que non renderon contas son as seguintes:

CONFRARÍAS DE PESCADORES QUE NON RENDEN CONTAS
A CORUÑA
Camariñas
Mugar dos
LUGO
Rinlo
PONTEVEDRA
Arcade
Vilaboa

V.3. OUTRAS ENTIDADES

Respecto a outras entidades sometidas a obriga de rendición cómpre sinalar o seguinte:

1. Non foron rendidas as contas anuais do ente público Consello da Xuventude de Galicia que segundo a súa lei de creación ten a natureza de entidade de dereito público con personalidade xurídica propia.
2. Non foron rendidas as contas dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario que teñen a consideración de corporacións de dereito público sometidas ao control do Consello de Contas.

VI. ANEXO DAS CONTAS RENDIDAS

No enderezo electrónico <http://www.ccontasgalicia.es/>, atópase un resumo das contas rendidas en 2010 correspondentes ao exercicio 2009.